



**O COTSG recorda á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que a posta en marcha da Rede Galega de Acompañamento e Orientación persoal e Familiar de Galicia enmarcada dentro do Plan Recupera, debe de garantir unha inclusión social educativa profesionalizada e interdisciplinar para prestar efectivamente servizos públicos de calidade para ao alumnado, familia e toda a cidadanía**

- **COTSG entende que se precisan profesionais especializadas en Traballo social para a procura de solucións integrais ás situacións complexas que se pretenden abordar no eido educativo a través da Rede Galega de Acompañamento e Orientación persoal e familiar.**
- **Lembra que o profesorado non pode nin debe asumir estas funcións, dado que non conta nin coa formación nin coas ferramentas necesarias para levalas a cabo.**

03/09/2021. Logo da publicación da Resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se crea, con carácter experimental, a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia no marco do Plan Recupera, o COTSG reivindica que tanto polos coñecementos e competencia que debe posuír a figura responsable da dinamización das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO), como polas propias funcións a desenvolver expostas nesta Resolución, debería esta Administración ter coñecemento de que son exactamente competencias definidas e recollidas na disciplina académica do Traballo social e dos Equipos interdisciplinares vencelladas ao sistema de servizos sociais.

Coa posta en marcha da Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia, serán os centros docentes, e de maneira directa o profesorado, o encargado de levar a cabo as funcións como responsable das Unidades de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO), cuxo obxectivo principal será o de facer o seguimento individualizado do alumnado mais vulnerable educativamente e colaborar coas súas familias e a súa contorna, ademais de actuar como canle de comunicación directa entre centros educativos, familias, administracións e outras entidades, tendo en conta a singularidade do alumnado das zonas rurais.

#### **Fomentando o intrusismo laboral**

As funcións indicadas na Resolución, nada teñen que ver coas levadas a cabo polo profesorado, senon que describen de maneira contundente as que levan a cabo os e as profesionais do Traballo Social tanto no sistema escolar como tamén en Servizos Sociais. Todo

isto pode dar lugar a situacións de intrusismo laboral, entendido este como o exercicio dunhas funcións sin contar coa titulación ou ferramentas necesarias.

É preciso lembrar neste punto que a atención e intervención social prestada por profesionais non cualificadas a persoas especialmente vulnerables que requiren de unha atención integral transversal e con coñecementos específicos no ámbito., nunca podería acadar os parámetros mínimos de calidade esixibles a unha Administración comprometida coa defensa dos servizos públicos.

### **A figura do Traballo Social Escolar**

O COTSG entende que se precisan profesionais especializadas en Traballo social para a procura de solucións integrais ás situacións complexas que se pretenden abordar no eido educativo a través da Rede Galega de Acompañamento e Orientación persoal e familiar.

Por se as razóns anteriores non foran suficientes, a figura do Traballo social escolar ten experiencia noutras comunidades autónomas do sistema nacional, pero o número é extremadamente reducido para as necesidades do sistema, sendo de urxencia potenciar e reforzar protocolos de coordinación entre os servizos sociais, os de saúde e os educativos.

### **A consellería non responde**

Con todo, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia solicita a esta Administración a modificación desta Resolución mediante un comunicado oficial, dado que todas as veces que este organismo tentou abrir comunicación coa consellería, foron improductivas.

Coa modificación da Resolución e a incluso da figura do Traballo Social nas UACO, haberá garantía dunha inclusión social educativa profesionalizada e interdisciplinar para prestar efectivamente servizos públicos de calidade para ao alumnado, familia e toda a cidadanía, amosando así mesmo a total colaboración deste Colexio Profesional para calquera información, asesoramento ou consulta que sexa precisa